

B PRESCO

BONOS *DESCONTO*

Que son?

Bonos Desconto postos en marcha polo Concello da Coruña para incentivar o consumo no comercio local, na hostalería, no sector cultural, nos salóns de estética e peiteado e nos taxis.

Quen se pode adherir?

Calquera empresa con establecemento permanente ou licenza de taxi no termo municipal da Coruña en que a persoa titular sexa empresaria/o individual ou cumpra os requisitos de microempresa(1). No caso do Bono Cultura que non dispoñan de establecemento, deberán ter o seu domicilio fiscal na Coruña.

Que teño que facer para adherirme?

1.º paso: dáreste de alta na web presco.coruna.gal/bonos-presco introducindo o CIF, denominación fiscal,

nome comercial, número de móbil, data de alta no IAE, IAE, IBAN, correo electrónico, contrasinal e enderezo e finalmente o nome e o DNI do/a representante. Pasados uns minutos recibirás no correo electrónico a declaración xurada que debes asinar electronicamente recibindo un SMS no teu móbil. Finalmente recibirás un correo onde se indica que a túa conta está activa e lista para usar. Co correo e contrasinal indicados no rexistro poderás entrar na web para engadir os datos da localización do teu establecemento no mapa, consultar o histórico das túas vendas e bonos aplicados, ver o detalle de cada operación ou ver liquidacións e aboamentos.

2.º paso: descargar ou actualizar a aplicación **Bonos PRESCO** no Google Play ou en App Stores para poder trocar os bonos. Entrar na app co teu usuario e contrasinal creado no anterior paso e xa podes empezar a canxear os bonos.

Como se trocan os bonos?

Cando unha persoa consumidora quere aplicar un bono á súa compra a/o comerciante ten que introducir na app o importe da compra con IVE e automaticamente apareceralle o desconto para aplicar: 10 € para compras iguais ou superiores a 30 € con IVE no caso do comercio, 40% de desconto desde 10 € no caso da hostalería, 30% de desconto desde 20 € no caso dos salóns de peiteado e estética, 30% de desconto desde 6 € de viaxe no caso do taxi e 30% de desconto desde 10 € no caso do Bono Cultura. A/o usuaria/o debe mostrar o seu bono (código QR) e a app leo e descóntao. A/o comerciante debe gardar os tóckets de compra para poder xustificar despois as vendas.



Son compatibles cos bonos da Xunta?

Os bonos PRESCO son compatibles cos da Xunta de Galicia pero non se poden aplicar na mesma compra.

Pódense devolver as compras nas que se trocaren bonos?

En ningún caso o importe destes bonos poderá ser trocado por diñeiro efectivo. En caso de devolucións, o importe do bono poderá ser trocado por outra compra ou gasto de prezo igual ou superior e nese caso a persoa usuaria asumirá a diferenza.

Como e cando cobro os descontos?

Cada un dos establecementos en que se utilizaron os bonos deberalle enviar semanalmente os tickets das operacións xeradas con bonos a prescofacturas@qaroni.com

O pago do importe dos bonos trocados farase de forma semanal por parte da entidade colaboradora (Abanca).

Independentemente do envío, o/a comerciante debe gardar todos os tickets das operacións xa que poden ser requiridos polo concello para realizar as comprobacións oportunas.

Cantos bonos podo trocar en total?

Todos os establecementos/servizos teñen un límite de 5.000 € pero ao chegar aos 3.000 € recibirán un correo electrónico para enviar a documentación que acredite que se atopan ao día do cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Seguridade Social e co Concello da Coruña. Unha vez confirmado poderase seguir utilizando o programa ata os 5.000 €

Cando finaliza?

A campaña finaliza o 30 de novembro de 2021.

Correo electrónico e teléfono de consultas

bonospresco@coruna.gal

010

(1) Para a definición de microempresas e pequenas empresas terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, así como a definición contida no Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas. Estes criterios entenderanse cumpridos por empresas que durante dous exercicios consecutivos reúnan, na data de peche de cada un deles, polo menos dúas das seguintes circunstancias:

- Que o total das partidas do activo non supere o millón de euros.
- Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os dous millóns de euros.
- Que o número medio de traballadoras/es empregadas/os durante o exercicio non sexa superior a dez.

